

O centro conta con equipos de tecnoloxía avanzada para a formación especializada no sector forestal. Dispoñemos, por exemplo, do único simulador de procesadora e autocargador forestais instalado en Galicia



Por outra banda, o CIFP Santiago está referencia nacional na área de forestal, o que garante unha maior conexión e operatividade coas empresas do sector e, deste xeito, dá resposta á actualización na demanda de formación específica.


O centro dispón da certificación ISO 9001.

O equipo directivo e o persoal docente están á súa disposición para atendelo e ofrecerlle unha formación de calidade.

Un saúdo

localización

San Paio do Monte s/n
15898 Santiago de Compostela



Centro Integrado de Formación Profesional Santiago



contacto

cifp.santiago@edu.xunta.es
centro.formacion.ocupacional.santiago@xunta.es

Tlfn. 881 867650
Fax 881 867661



CICLO SUPERIOR

Xestión forestal
e do medio natural

XUNTA DE GALICIA

Centro integrado

O CIFP Santiago, dependente da Consellería de Traballo e Benestar, imparte as ofertas formativas relativas aos títulos e certificados de profesionalidade referidas ao Catálogo nacional de cualificacións profesionais.

Así mesmo, está autorizado para a impartición do ciclo formativo de grao superior de Xestión forestal e do medio natural, en réxime modular para persoas adultas.



O centro dispón de instalacións, espazos e equipamentos axeitados para a formación práctica na familia Agraria.



taller forestal



laboratorio

O contacto continuo que mantemos coas empresas do sector forestal permite intercambios de coñecementos e posibilita a formación axeitada en prácticas



viveiros

A formación que se imparte no ciclo superior de Xestión forestal e do medio natural comprende:



- Realizar operacións topográficas
- Realizar traballos en altura
- Planificar e realizar actividades de repoboación forestal e de corrección hidrolóxica forestal
- Programar a realización de tratamentos selvícolas
- Programar e organizar actividades de aproveitamento dos produtos forestais
- Programar as actuacións de mellora do hábitat das especies cinexéticas e acuícolas continentais
- Programar a produción de plantas e sementes en viveiros
- Controlar e extinguir os incendios forestais
- Controlar e protexer o medio natural

